

## Parte específica | Tema 24

### A demanda. Inscrición, concepto e modalidades.

Situación administrativa da demanda: causas e accións asociadas. Información da demanda: datos persoais, formativos, profesionais e de dispoñibilidade. Dereitos e obrigas da persoa demandante de emprego. Demanda de emprego con vocación europea: rede Eures (*European Employment Services*).



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
EMPREGO, COMERCIO  
E EMIGRACIÓN

© 2024 - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Dispoñible baixo licenza [CC BY-NC-SA 4.0](#)



**BY:** en caso de citar os contidos, debe outorgarse crédito da autoría á Xunta de Galicia.

**NC:** só se permite o uso non comercial da obra.

**SA:** as adaptacións que se elaboren deben compartirse coa mesma licenza.

#### **AVISO DE EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE.**

***Estes contidos non son un temario oficial.***

*Supoñen únicamente unha ferramenta de axuda que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pon a disposición de todas as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos para o ingreso no corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de orientación laboral.*

*Os contidos responden á normativa, documentos e outras referencias que estaban vixentes no momento da súa elaboración, polo que poden ter sufrido cambios co decurso do tempo. Comprobe sempre a vixencia dos contidos e empregue as últimas versións dispoñibles.*

## Índice

1	A demanda.....	4
1.1	Concepto de demanda de emprego e servizos.....	4
1.2	Concepto de persoa demandante de emprego e servizos.....	4
2	Inscripción, concepto e modalidades.....	6
2.1	Concepto de inscripción .....	6
2.2	Renovación da demanda .....	7
2.3	Modalidades .....	8
3	Situación administrativa da demanda: causas e accións asociadas .....	8
3.1	Suspensión da demanda.....	9
3.2	Baixa da demanda.....	10
4	Información da demanda: datos persoais, formativos, profesionais e de disponibilidade.....	10
4.1	Sistema Público Integrado de Información dos Servizos de Emprego (SISPE).... .....	10
4.2	Datos persoais.....	11
4.3	Formación e coñecementos .....	12
4.4	Información profesional.....	13
4.5	Ocupacións solicitadas .....	14
4.6	Disponibilidade para o emprego.....	14
5	Dereitos e obrigas da persoa demandante de emprego.....	14
6	Demanda de emprego con vocación europea: rede EURES ( <i>EUROpean Employment Services</i> ). ....	17
6.1	Rede EURES de servizos de emprego .....	17
6.2	EURES transfronteirizos.....	19

## 1 A demanda

### 1.1 Concepto de demanda de emprego e servizos

Conforme a definición que realiza o Real Decreto 438/2024, do 30 de abril, polo que se desenvolven a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os servizos garantidos establecidos na Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego (en diante, RDCCS), enténdese por demanda de emprego e servizos, o rexistro da solicitude que realice, para ese efecto, a persoa desempregada ou ocupada ante o Servizo Público de Emprego competente (artigo 6.1).

O rexistro da demanda de emprego e servizos será requisito indispensable para adquirir a condición de persoa inscrita como demandante. A demanda só se manterá rexistrada nun único Servizo Público de Emprego e o seu rexistro figurará no SISPE (artigo 6.2).

A citada demanda xerará dereitos e obrigas e terá unha vixencia temporal limitada. Os servizos públicos de emprego acordarán a duración dessa vixencia temporal, dentro dos instrumentos de coordinación do Sistema Nacional de Emprego (artigo 6.3).

*A demanda de emprego é a base para acceder aos servizos dos Servizos Públícos de Emprego, e o xeito de evidenciar esta solicitude é mediante a inscrpción nos mesmos, nos termos que se detallan neste tema.*

- *A demanda só se manterá rexistrada nun único Servizo Público de Emprego e o seu rexistro figurará no SISPE.*
- *A demanda xerará dereitos e obrigas e terá unha vixencia temporal limitada.*

### 1.2 Concepto de persoa demandante de emprego e servizos

Unha persoa demandante é aquela que se atopa en situación de desemprego ou ocupada, sempre que manteña vixente a súa demanda (inscripción) nun Servizo Público de Emprego.

*Segundo a Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego (artigo 3.a) son persoas ou entidades demandantes ou usuarias dos servizos públicos de emprego:*

- 1º. *Persoa desempregada ou ocupada que, en función das súas expectativas ou requirimentos, solicita a mediación dos servizos públicos de emprego, con obxecto de mellorar a súa empregabilidade e facilitar o seu acceso a un emprego decente e de calidade.*
- 2º. *Persoa, empresa ou outra entidade empregadora, calquera que sexa a súa forma xurídica, que demande a prestación de servizos de emprego.*

Adquirirán a condición de persoas demandantes de emprego e servizos, aquelas que inscribíndose nos termos regulados no artigo 9 do RDCCS, cumpran os seguintes requisitos, segundo a normativa de aplicación, en cada caso (artigo 7.1 do RDCCS):

- Ser maior de 16 anos.
- Dispoñer de documento nacional de identidade (DNI) ou número de identificación de estranxeiro (NIE). As persoas sen DNI ou NIE poderanse inscribir segundo determine a normativa vixente, para facilitar e apoiar a súa inclusión laboral e social.
- Ser de nacionalidade española ou dun país membro da Unión Europea, ou nacional dun país asinante do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Noruega ou Liechtenstein) ou nacional da Confederación Suíza.
- Ser persoa traballadora estranxeira non comunitaria que, en aplicación da vixente normativa sobre permanencia e traballo das persoas estranxeiras en España, teñan recoñecido o dereito de acceso ao mercado de traballo.
- Ser residente habitual nalgún municipio da comunidade autónoma ou nas cidades de Ceuta e Melilla, en cuxo ámbito territorial desenvolva a súa competencia o respectivo servizo público de emprego, no que a persoa pretenda inscribirse ou manter vixente a súa demanda, sen prexuízo das excepcións previstas na normativa vixente.

De conformidade co artigo 9.4 do RDCCS, será necesario ter en vigor a demanda de emprego e servizos para manter a condición de persoa demandante (artigo 7.2).

A situación laboral da persoa demandante pode ser:

- Persoa desempregada.**

Persoa inscrita como demandante de emprego da que o servizo público de emprego non ten constancia da súa alta laboral con actividade na Seguridade Social.

- Persoa ocupada.**

Persoa inscrita como demandante de emprego da que o servizo público de emprego ten constancia da súa alta laboral con actividade na Seguridade Social.

- Traballador agrario.**

Persoa inscrita como demandante de emprego da que o servizo público de emprego ten constancia da súa alta laboral na Seguridade Social, no Sistema Especial do Réxime Xeral de Traballadores por Conta Aldea Agrarios.

A situación laboral desta demanda terá consecuencias a efectos de participar en actuacións de políticas activas de emprego nas cales se esixa estar en situación de desempregado ou de traballador agrario.

**Demandantes en alta especial na Seguridade Social.**

Aínda que non se trata dunha situación laboral coma tal, esta situación está moi relacionada coas anteriores. Cando se detecta a alta dunha persoa na Seguridade Social pero sen actividade real (por exemplo, as persoas subscritoras de convenios especiais da Seguridade Social, as beneficiarias de determinados seguros escolares ou por estudos, etc.), o sistema a identifica cun colectivo especial denominado "demandante en alta especial en Seguridade Social", aínda que a súa situación laboral é a de "desempregado".

*O organismo competente para acreditar a situación laboral de persoa (ocupada ou desempregada) é a Tesourería Xeral da Seguridade Social. O Servizo Público de Emprego pode acreditar se unha persoa está inscrita como demandante de emprego a través do informe de inscrición ou, se a persoa é demandante de emprego, a través do informe de demandante de emprego.*

## 2 Inscrpción, concepto e modalidades

### 2.1 Concepto de inscrpción

A inscrpción é o trámite mediante o cal unha persoa adquire a condición de persoa demandante, quedando a súa demanda en situación de alta. Para esta inscrpción deberan facilitar, polo menos, os seguintes datos (artigo 9.1 do RDCCS):

- Datos persoais: número do DNI ou NIE, nome e apelidos, data de nacemento, enderezo de residencia habitual e outros datos de contacto.
- No caso de persoas estranxeiras non comunitarias, documento que autorice o dereito de acceso ao mercado de traballo.
- Ocupación ou ocupacións solicitadas.
- Datos formativos: títulos de formación regulada ou acreditabile, incluídos os idiomas, e diplomas ou certificados doutro tipo de formación.
- Experiencia profesional.
- Permisos de conducir.

Ademais, no caso en que a persoa desexe ser inscrita como persoa con discapacidade, deberá xustificar a dita condición achegando o certificado de discapacidade que así o acredite ou o documento acreditativo de que é unha persoa pensionista da Seguridade Social que ten recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total,

absoluta ou gran invalidez, ou que é unha persoa pensionista de clases pasivas que ten recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

A **inscripción inicial** é a primeira inscrpción e require unha entrevista persoal coa persoa interesada, polo que é necesaria a presencialidade da persoa que solicita a inscrpción, salvo determinadas excepcións.

Como resultado da inscrpción, a persoa obterá o documento acreditativo do rexistro como demandante de emprego (en diante, DARDE).

O DARDE ten dous elementos fundamentais para a persoa demandante:

- As datas nas que debe realizar a renovación da demanda, para evidenciar que continúa interesada en manter activa a súa inscrpción.
- O número de identificación persoal (PIN) para poder realizar a renovación de xeito telefónico.

## 2.2 Renovación da demanda

A renovación da demanda é o trámite polo que a persoa demandante, cuxa demanda está en situación de alta, reitera a súa vontade de que a mesma permaneza vixente.

Se a persoa demandante quere manter a súa demanda en situación de alta, deberá proceder a renovar a mesma na forma e data indicada no seu último documento de renovación da demanda vixente, o que producirá a xeración dunha nova data de renovación. A persoa demandante poderá renovar a demanda mediante os procedementos habilitados polo Servizo Público de Emprego no que estea inscrita (artigo 9.4 do RDCCS).

A vixencia da demanda será, con carácter xeral, por un período máximo de 91 días naturais. Dita vixencia poderá ter un prazo diferente en aqueles casos que determinen os Servizos Públicos de Emprego ou aqueles que normativamente se regulen.

No Servizo Público de Emprego de Galicia pódese realizar a renovación da demanda dos seguintes xeitos:

De **xeito presencial** en calquera oficina de emprego da Xunta de Galicia.

De **xeito telemático**:

- A través da oficina virtual de emprego, para as persoas demandantes inscritas en Galicia e que activen o servizo.
- A través da aplicación MOBEM para dispositivos móbiles, para as persoas usuarias que se instalen a aplicación nos seus dispositivos.

- A través do Portal de Emprego da Xunta de Galicia, mediante o uso do PIN que figura no DARDE.
- A través de chamada ao 012, mediante PIN.
- A través dos puntos de información do servizo público de emprego distribuídos polos concellos de Galicia, mediante PIN (ou pegada dixital para as persoas que a teñan recollida na súa demanda).

## 2.3 Modalidades

As persoas que se inscriben nos servizos públicos de emprego poden ter diferentes categorías durante toda a vida da súa demanda:

- **Demandantes de emprego.**

Son as persoas que solicitan un traballo a través do Servizo Público de Emprego. Ser demandante de emprego implica tamén ser demandante de servizos.

- **Demandantes de servizos previos ao emprego.**

Son persoas que antes de entrar no mercado laboral precisan un ou máis servizos que lles permitan adquirir habilidades ou coñecementos dos que carecen (por exemplo, formación).

- **Demandantes doutros servizos.**

Son persoas que se rexistran como demandantes áínda que non solicitan emprego nin servizos xestionados polo Servizo Público de Emprego.

## 3 Situación administrativa da demanda: causas e accións asociadas

As posibles situacóns da demanda de emprego son: **alta, baixa e suspensión** (artigo 8 do RDCCS).

- **Alta.**

Nesta situación a demanda está vixente e a persoal ten a condición de persoal demandante, polo que poderá recibir os servizos que xestionen os servizos públicos de emprego. A demanda deberá renovarse nas datas indicadas polo Servizo Público de Emprego no que se atope rexistrada. En caso de non ser renovada, a demanda pasará a estar en situación de baixa.

**Suspensión.**

Nesta situación, cuxas causas se determinan no artigo 9.2 do RDCCS (e se especifican máis adiante neste tema), a demanda mantense vixente e non existe obriga de renovala mentres se manteña a causa da suspensión.

**Baixa.**

Nesta situación a demanda de emprego e servizos non está vixente, polo que a persoa perde a súa condición de persoa demandante.

*Unha persoa demandante ten a condición de inscrita se, e só se, a súa demanda se atopa en situación de alta ou suspensión.*

### 3.1 Suspensión da demanda

A suspensión da demanda é o trámite mediante o cal unha demanda pasa a estar en situación de suspensión. As causas polas que unha demanda pode ser suspendida, son as seguintes (artigo 9.2 do RDCCS):

- Incapacidade temporal.
- Nacemento e coidado de menor.
- Adopción, garda con fins de adopción ou acollemento familiar.
- Risco durante o embarazo ou lactación natural.
- Privación de liberdade.
- Coidado das persoas menores de catorce anos ou con discapacidade a cargo da persoa demandante de emprego e servizo, ou de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que non poidan valerse por si mesmos.
- Asistencia a cursos de calquera sistema de formación.
- Asistencia a programas de políticas activas de emprego nos que se prevexa a suspensión da demanda.
- Aqueloutras que determinen os servizos públicos de emprego.

Existen **dous tipos** de suspensión:

- Suspensión con participación en procesos de intermediación laboral.
- Suspensión sen participación en procesos de intermediación laboral.

Por defecto, e cando sexa posible, a suspensión será con participación en procesos de intermediación laboral. Nese caso, posteriormente a persoa demandante poderá solicitar que a suspensión sexa sen participación en procesos de intermediación laboral.

*Unha vez finalizada a causa da suspensión, a persoa demandante deberá comunicalo ao servizo público de emprego para que a súa demanda poida pasar á situación administrativa de alta.*

*O paso da situación de suspensión á situación de alta como demandante de emprego denomínase **reactivación da demanda**.*

### 3.2 Baixa da demanda

A baixa da demanda é o trámite mediante o cal unha persoa perde a condición de persoa demandante, quedando a súa demanda en situación de baixa. As baixas poden producirse **por solicitude da persoa demandante ou de oficio por algúns das seguintes causas** (artigo 9.3 do RDCCS):

- Por non renovación da demanda no prazo establecido.
- Por resolución administrativa por causa tipificada.
- Por sentenza xudicial firme.
- Por defunción.
- Por perda de vixencia da autorización administrativa no caso de persoa traballadora estranxeira non comunitaria.

*A recuperación da demanda de emprego é o paso da situación de baixa á situación de alta e pódese realizar a través de diferentes medios: presencial na oficina de emprego, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia mediante solicitude no procedemento PR004A, a través da oficina virtual de emprego...*

## 4 Información da demanda: datos persoais, formativos, profesionais e de dispoñibilidade

### 4.1 Sistema Público Integrado de Información dos Servizos de Emprego (SISPE)

O artigo 14 da Lei de Emprego establece que o Sistema Público Integrado de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE) é o instrumento técnico de coordinación do Sistema Nacional de Emprego que ten como finalidade, a través dos acordos que se adopten na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, o establecemento de protocolos para o rexistro de datos comúns e a integración da información relativa á xestión das políticas activas de emprego e as prestacións por desemprego que realicen a Axencia Española de Emprego, os servizos públicos de emprego autonómicos e as entidades colaboradoras en todo o territorio do Estado, e

as ofertas e demandas de emprego rexistradas nas axencias de colocación colaboradoras.

En consecuencia, o Sistema Público Integrado de Información dos Servizos Públicos de Emprego configúrase como unha rede de información común para toda a estrutura pública e privada do emprego, a que se refire o artigo 8, que se organizará, en beneficio das persoas demandantes dos servizos de emprego e das persoas, empresas e outras entidades empregadoras usuarias dos mesmos, cunha estrutura de procesamento de datos pertinentes eficaz, integrada e compatible.

Uns dos elementos nos que se concreta o instrumento SISPE son os aplicativos informáticos que se empregan para rexistrar a información relativa ás demandas e as ofertas de emprego, e que sirve de base para a realización da intermediación laboral. Así, no marco de SISPE conviven 3 aplicativos coordinados:

- CEUS, que é un aplicativo do Servizo Público de Emprego Estatal que pon a disposición daquelas comunidades autónomas que desexen empregalo.
- SICAS, o sistema de información propio das comunidades autónomas que decidiron poñer en marcha unha aplicación específica, no marco das súas competencias na materia.
- TAURO, sistema propio do servizo público de emprego da comunitat autónoma de Valenciana (*Servei Valencià d'Ocupació i Formació*).

Estes aplicativos permiten:

- Compartir a información e mellorar a capacidade de intermediación laboral.
- Coordinar a xestión dos servizos públicos de emprego estatal e autonómicos.
- Respectar a diversidade territorial e autonómica de xestión.
- Asegurar a elaboración de estatísticas nacionais sobre o funcionamento do mercado de traballo.

No caso de Galicia, a aplicación que se emprega dentro do servizo público de emprego é SICAS, o sistema propio das comunidades autónomas. Non obstante, e como parte de SISPE, os datos e contidos mínimos que se requiren para rexistar e xestionar tanto as demandas emprego e servizos como as ofertas de emprego que se verán a continuación e nos seguintes temas, son aqueles que se establecen dentro dos grupos de traballo SISPE no marco do Sistema Nacional de Emprego.

## 4.2 Datos persoais

Á hora de inscribir como demandante a unha persoa no servizo público de emprego de Galicia, todos os seus datos e información correspondente rexistarase en SICAS.

Ao facelo, o primeiro bloque de datos a cumplimentar no rexistro dunha demanda de emprego son os datos persoais e identificativos da persoa interesada.

- No caso de que esta persoa xa exista na base de datos do servizo público de emprego (xa tivese estado inscrita como demandante con anterioridade, con independencia da modalidade), estes datos xa existirán, polo que só será necesario revisalos e, no seu caso, actualizalos ou corrixilos.
- Se é a súa primeira inscrición como demandante, aparecerá o formulario en branco para a súa cumplimentación, estando os campos obligatorios identificados mediante asteriscos.

*Mientras non se cubran todos os datos obligatorios, que son como mínimo aqueles que se requieren no marco de SISPE para permitir a coordinación e intercambio de información entre servizos públicos de empleo, non permite inscribir á persoa.*

Compre resaltar a importancia da correcta cumplimentación e actualización dos datos de teléfonos e do correo electrónico, xa que son os medios fundamentais para contactar desde o servizo público de emprego coa persoa demandante.

A este respecto, sempre que a persoa demandante dispoña de correo electrónico e, tras informala sobre a súa funcionalidade desexa activala, poderáselle crear unha clave para acceder á Oficina Virtual de Emprego. Aínda que non o deseñe ao realizar a inscrición, poderá creárselle esta clave en calquera outro momento.

Asemade, as persoas usuarias tamén poderán acceder á oficina virtual co DNle, un certificado dixital admitido, ou co sistema Chave365 propio da Xunta de Galicia.

No bloque de datos persoais tamén se incluirán, no caso en que a persoa así o manifeste e achegue unha acreditación documental válida, os datos relativos á discapacidade.

### 4.3 Formación e coñecementos

O apartado de formación e coñecemento agrupa tres grupos de datos:

- Formación.
- Idiomas, formación complementaria.
- Coñecementos adicionais.

#### I. Datos de formación.

Neste grupo de datos engadiranse os relacionados coa formación académica regrada da persoa, especificando:

- Titulación ou titulacións regradas da persoa. Para cada unha das titulacións engadidas, xunto coa denominación engadirase, a información relativa á universidade, data de obtención, nome do centro...
- Formación ocupacional que teña realizado a persoa demandante.

## **II. Datos de idiomas e formación complementaria.**

Neste grupo de datos engadiranse os seguintes:

- Nivel no idioma Galego.
- Engadir outros idiomas incluíndo, entre outros aspectos, o nivel ou se a persoa é docente, intérprete ou tradutora do idioma.
- Formación complementaria (calquera tipo de formación que non poida ser engadida en ningunha das opcións anteriores, como por exemplo as titulacións estranxeiras pendentes de homologación, cursos de centros privados etc.).

## **III. Datos de coñecementos adicionais.**

Neste grupo de datos engadiranse os seguintes:

- Coñecementos informáticos.
- Carnés profesionais.
- Coñecementos específicos sobre outras actividades que sexan de relevancia para o emprego.
- Permiso de conducir.
- Tipos de vehículo propio, onde se indicará os tipos que posúa a persoa, no seu caso.

### **4.4 Información profesional**

Nesta sección rexistraránse os datos relativos á experiencia profesional da persoa demandante.

Os grupos de datos que se teñen que cubrir nesta sección son:

- Datos de información profesional (experiencia, situación laboral e outros).
- Datos Colectivos especiais (as persoas demandantes pertencentes a colectivos especiais teñen un tratamento diferenciado do resto de persoas demandantes. Existen certos colectivos que non se permiten seleccionar manualmente, senón que se asignan de xeito automático en función de determinadas características da persoa demandante, como poden ser demandantes con perfil comunitario ou persoas autónomas).

## 4.5 Ocupacións solicitadas

Nesta sección rexístranse os datos relativos ás ocupacións solicitadas, nos seguintes grupos de datos:

- Ocupacións solicitadas: ocupacións que desexa engadir a persoa demandante, nivel profesional ou experiencia, entre outros.
- Dispoñibilidades específicas, referido a aquelas ocupacións que se rexen por parámetros particulares tales como tempadas, campañas, etc.
- Outras informacións non codificables, onde se indicará calquera aclaración con respecto á ocupación que se está a cumprimentar.

## 4.6 Dispoñibilidade para o emprego

Dentro deste apartado rexístrase a información con incidencia sobre a dispoñibilidade para aceptar unha oferta de emprego por parte da persoa demandante, incluíndo:

- Dispoñibilidade para o emprego dentro da comunidade autónoma, onde se especificará, entre outros aspectos, a dispoñibilidade para traballar en horario nocturno, para viaxar ou o tipo de xornada solicitada pola persoa demandante.
- Ámbito de busca de emprego, que inclúe a información relativa ao ámbito territorial no que a persoa estaría disposta a traballar.
- Dispoñibilidade para o emprego fóra da comunidade autónoma.

# 5 Dereitos e obrigas da persoa demandante de emprego

## I. Dereito (e deber) ao mantemento e mellora da súa empregabilidade (artigo 35 da Lei de Emprego).

### Artigo 35. Mantemento e mellora da empregabilidade.

- Constitúe un derecho e un deber das persoas demandantes dos servizos de emprego, como desenvolvemento do artigo 35 da Constitución Española, o mantemento e mellora da súa empregabilidade.
- O Sistema Nacional de Emprego debe velar polo mantemento e mellora da empregabilidade de todas as persoas demandantes dos servizos de emprego.

Todas as actuacións das entidades e organismos públicos e privados do Sistema Nacional de Emprego deberán orientarse cara á satisfacción do derecho referido no apartado anterior para todas as persoas demandantes de servizos públicos de emprego.

Igualmente, as políticas de protección fronte ao desempleo servirán á mesma orientación, de modo que as persoas beneficiarias non deben verse abocadas

á toma de decisións que vaian en detrimento de a súa profesionalidade e da súa capacidade de mellorar no mercado de traballo.

## II. Servizos garantidos.

O catálogo de servizos garantidos a persoas demandantes de servizos de emprego, que se establece no artigo 56.1 da lei de emprego, establece que con obxecto de facilitar o acceso a un emprego decente e de calidade e a mellora da empregabilidade das persoas demandantes de servizos de emprego, os servizos garantidos serán os seguintes:

- Elaboración dun perfil individualizado de usuario que permita a avaliación da persoa demandante dos servizos de emprego, co soporte de evidencias estatísticas para a mellora da súa empregabilidade, e que facilite o ulterior deseño dun itinerario personalizado formativo ou de procura activa de emprego ou emprendemento adecuado, segundo o disposto no artigo 56.1.a) da LE.
- Titorización individual e asesoramento continuado e atención personalizada, presencial e non presencial, durante as transicións laborais, ben entre a educación e o emprego ou entre situacións de emprego e desemprego de acordo co artigo 56.1.b) da LE.
- Un itinerario ou plan personalizado adecuado ao seu perfil que esixirá a formalización dun acordo de actividade subscrito entre o servizo público de emprego e a persoa usuaria, que se elaborará segundo os termos establecidos no artigo 56.1.c) da LE.
- Formación no traballo, que, tendo en conta o perfil individualizado da persoa demandante dos servizos de emprego, permita a adquisición efectiva ou o incremento sensible de competencias que redunden nunha maior capacidade de inserción laboral, conforme ao disposto no artigo 56.1.d) da LE.
- Asesoramento para o autoemprego e o emprendemento con garantías, con apoio integral e acompañamento á activación de proxectos viables, conforme ao disposto no artigo 56.1.e) da LE.
- Intermediación laboral eficiente, que facilite ofertas de emprego adecuadas, en particular no caso de persoas desempregadas inmersas en procesos de recolocación, conforme ao disposto no artigo 56.1.f) da LE.
- Unha canle presencial ou dixital alternativo de recepción dos servizos e a recibir unha orientación e atención presencial ou non presencial, conforme ao disposto no artigo 56.1.g) da LE.

- Acceder a traballos en calquera territorio do Estado nas mesmas condicións, conforme ao disposto no artigo 56.1.h) da LE.
- Procura da protección social precisa que permita o mantemento dun nivel de vida digno durante o proceso de procura de ocupación, conforme ao disposto no artigo 56.1.i) da LE.
- Un expediente laboral personalizado único, conforme ao disposto no artigo 56.1.j) da LE.

## **II. Obrigas das persoas demandantes de emprego.**

Son compromisos das persoas demandantes de emprego (artigo 58 da Lei de Emprego e 36 do RDCCS):

- Colaborar activamente cos servizos públicos de emprego na elaboración do perfil individualizado de usuario, as recomendacións para a mellora da súa empregabilidade e o deseño dun itinerario personalizado formativo ou de procura activa de emprego ou emprendemento adecuado. Para ese efecto, o usuario deberá facilitar a documentación, datos e informes relevantes, atendendo, presencial ou telematicamente, os requisitos do organismo correspondente e da persoa titora e habilitando unha canle para recibir as oportunas comunicacións derivadas da subscrición do compromiso de actividade.
- Desenvolver, salvo causa xustificada, aquelas actividades para a mellora da empregabilidade propostas no itinerario ou plan personalizado: actuacións de procura activa de emprego e accións de formación e/ou acreditación de experiencia laboral ou formación non formal adecuadas para a mellora das súas competencias e cualificación profesional ou, no seu caso, para a súa formación continuada e actualización.
- Cumprir, salvo causa xustificada, coas accións de formación e a carga lectiva mínima sinaladas no acordo de actividade, someténdose, no seu caso, ás correspondentes avaliaciós de competencias e habilidades alcanzadas ou melloradas.
- Manter unha actitude activa para mellorar a súa empregabilidade, mediante o cumprimento das actividades sinaladas polo itinerario ou plan personalizado, así como a través do desenvolvemento doutras iniciativas individuais reveladoras de tal actitude.
- Manifestar cambios de domicilio e cantas outras circunstancias sexan relevantes para o desfrute adecuado dos servizos de emprego, sinaladamente a efectos de reformulación do itinerario ou plan personalizado, en particular as dificultades de conciliación que poidan condiconalos.

- Aceptar ofertas de emprego adecuadas nos termos sinalados polo artigo 3 da Lei de Emprego, no caso das persoas desempregadas. No caso de que a persoa sexa beneficiaria de prestacións por desemprego, no acordo comprometerase a buscar activamente emprego, aceptar unha colocación adecuada nos termos definidos no artigo citado e participar en accións específicas de motivación, información, orientación, formación, reconversión ou inserción profesional para incrementar a súa empregabilidade.

*Conforme ao indicado no artigo 3.g). da Lei de Emprego, considerarase adecuada a colocación na profesión demandada pola persoa traballadora, de acordo coa súa formación, características profesionais, experiencia previa ou intereses laborais e tamén aquela que se corresponda coa súa profesión habitual ou calquera outra que se axuste ás súas aptitudes físicas e formativas.*

*Nos dous últimos casos, ademais, a oferta deberá implicar un salario equivalente ao establecido no sector no que se ofrece o posto de traballo.*

*A colocación que se ofrece deberá ser indefinida e cun salario, en ningún caso, inferior ao salario mínimo interprofesional.*

*No marco do acordo de actividade voluntariamente aceptado, tamén será colocación adecuada, a que sexa convida dentro do itinerario de inserción, incluída a colocación de duración determinada regulada no artigo 15.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro e a colocación a tempo parcial. Soamente neste marco, será adecuada a colocación que se ofrece nunha localidade que non sexa a de residencia da persoa traballadora.*

## 6 Demanda de emprego con vocación europea: rede EURES (EUROpean Employment Services).

### 6.1 Rede EURES de servizos de emprego

A rede EURES (*European Employment Services*) é unha rede de cooperación dos Servizos de Emprego do Espazo Económico Europeo (EEE) cuxo obxectivo é facilitar a libre circulación de persoas traballadoras entre os 27 Estados membros da UE, Suíza, Islandia, Liechtenstein e Noruega, e que lles permite a estas traballar e establecerse libremente en calquera destes países, garantindo igualdade de dereitos coas persoas nacionais dos mesmos.

A rede está composta pola Oficina Europea de Coordinación, as Oficinas Nacionais de Coordinación, os socios de EURES e os socios de EURES asociados. En España, a norma que regula a admisión de organizacións como membros e socios de Eures é o Real

Decreto 207/2019, do 29 de marzo, polo que se regula o sistema nacional de admisión de membros e socios da Rede EURES en España.

A través da rede EURES, as persoas demandantes poden:

- Utilizar o conxunto de ferramentas para o emprego en liña "Europass" que se ten desenvolto pola rede, entre as que destaca a posibilidade de cargar na súa plataforma o seu currículo no modelo normalizado Europass.
- Acceder a ofertas de emprego publicadas na rede EURES polas empresas e persoas empregadoras asentadas nos países integrados na rede ás que as persoas demandantes poden autopostularse.
- Obter información e asesoramento sobre as condicións de vida e traballo nos países que conforman a rede, para que as persoas traballadoras interesadas en acceder a algunha das ofertas que publican coñezan con antelación desde os seus dereitos e obrigas como traballadores nese país, ata cuestións más do día a día como o xeito de abrir unha conta bancaria ou matricular aos seus fillos e fillas nun colexio.
- Consultar información sobre o mercado laboral nos países integrados na rede EURES.

E as persoas empregadoras poden:

- Presentar as súas ofertas de emprego para captar persoas traballadoras noutros países de Europa ou o EEE integrados na rede.
- Obter candidaturas de persoas interesadas filtradas previamente desde os servizos públicos de emprego europeos participantes na xestión das súas ofertas.
- Xestionar en liña, a través da aplicación web da rede, as candidaturas das persoas demandantes autopostuladas ao longo de todo o proceso de selección.

Para promover e canalizar os servizos EURES cara ás persoas demandantes e empregadoras, os diferentes servizos públicos de emprego integrados na rede contan con persoas especialistas denominadas Conselleiras EURES (ou Euroconselleiras), que son formadas, avaliadas e cualificadas pola propia rede EURES conforme aos seus estándares.

Na actualidade, en Galicia existen 6 persoas dentro do Servizo Público de Emprego de Galicia que son conselleiras Eures, unha por provincia, máis 2 correspondentes a Eures Transfronteirizo (ver o seguinte apartado) nas provincias de Ourense e Pontevedra.

## 6.2 EURES transfronteirizos

As rexións fronteirizas interiores da UE abarcan o 40 % do territorio da UE e nelas viven case 2 millóns de persoas traballadoras transfronteirizas, que son aquelas que viven nun lado da fronteira pero traballan no outro.

Por este motivo, as persoas traballadoras transfronteirizas poden enfrentarse a unha serie de obstáculos na súa vida cotiá, como as diferenzas nas prácticas nacionais, os sistemas de seguridade social, as normas de fiscalidade e os sistemas xurídicos. Ademais, en comparación co transporte interno de cada país, o transporte público nas rexións transfronteirizas adoita estar menos desenvolvido, o que dificulta aínda máis a capacidade das persoas para traballar noutro Estado membro da UE.

Deste xeito, o EURES transfronteirizo axuda a estas persoas traballadoras a superar estes obstáculos a través de asociacións transfronteirizas nas que os membros e as partes asociadas de EURES colaboran a fin de aumentar a capacidade das persoas traballadoras para traballar no estranxeiro e a das persoas empregadoras de facer que isto sexa posible.

As asociacións transfronteirizas actualmente en funcionamento dentro da rede EURES son as seguintes:

- España e Portugal:
  - EURES-T Estremadura – Alentejo.
  - **EURES-T Galicia – Norte de Portugal.**
  - EURES-T Andalucía – Algarve.
- Francia e Alemaña:
  - *EURES-T Oberrhein-Rhin Supérieur.*
- Italia e Eslovenia:
  - EURADRIA.
- Bélgica, Francia, Alemaña e Luxemburgo:
  - *EURES transfrontalier de la Grande Région.*

Como pode apreciarse, 3 das actuais asociacións transfronterizas están es España, sendo de especial interese para o noso caso a de Galicia – Norte de Portugal, que como obxectivo xeral o de compartir información e brindar asesoramento ás persoas demandantes de emprego e ás empregadoras da Eurorrexión que conforma Galicia e a rexión norte de Portugal, sobre o traballo e a contratación a escala transfronteiriza, ofrecer oportunidades de emprego e prestar servizos nas fases previas e posteriores á contratación.

Para isto, como nas restantes asociacións transfronteirizas, dispón de grupos de expertos para axudar ás persoas traballadoras en cada etapa da súa traxectoria profesional e responder a calquera dúbida que poidan ter sobre os aspectos prácticos do traballo transfronteirizo.

Tamén controlan os fluxos de traballadores a través das súas fronteiras respectivas e a evolución do mercado laboral, e identifican os obstáculos que poden dificultar a libre circulación dos traballadores no mercado de traballo transfronteirizo rexional.

Cada ano, esta asociación leva a cabo numerosas actividades en apoio tanto das persoas demandantes de emprego como das empregadoras, como xornadas ou encontros, entre outras.

